

MELIDE

Cea reconece que certificou a depuradora do polígono industrial P6

COMARCA

Visantoña inaugurarán o único roteiro homologado da comarca P9

CULTURA

A VI Foliada contará coas actuacións de máis de 25 grupos P11

ENTREVISTA

Teresa Taboada, Eme Publicidad



“Importamos directamente para competir con prezos imbatibles” P15

A nova lei de comercio só permite unha feira de oportunidades ao ano



O anteproxecto de Lei do comercio interior de Galicia só autorizará a celebración dunha feira de oportunidades ó ano e “preferentemente” en período de rebaixas. A Xunta permitirá “excepcionalmente” unha

segunda edición se conta co informe favorable do Observatorio do Comercio e da Mesa Local de Comercio-dous órganos que crea a nova normativa- e coa autorización da Dirección Xeral de Comercio. P4 e 5

Asetem elixirá directiva o próximo 15 de abril



Celebraranse eleccións á Xunta Directiva ante a petición dun grupo numeroso de asociados. A asemblea será na sede da asociación ás 21.00 horas P3

Os concellos do Camiño urxen melloras á Xunta



A Mancomunidade do Camiño Francés reclama ó Goberno galego que arranxe o firme da vía, que causa problemas ós peregrinos que viaxan en bicicleta P12

Editorial

Polémica sobre a suba do IVE

Anda dende hai días revolto o galego co asunto da suba do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE). Non é para menos, é algo que nos afecta a todos. Sexamos máis ricos ou máis pobres, teñamos soldos de 3.000, 1.000 ou de 600 euros. Todos, día a día, somos consumidores.

Non é de extrañar que a poboación deixe entrever certa desconfianza, ou no peor dos casos, estea enfadada, coa adopción desta medida. Ata o momento ninguén explicou de xeito claro os beneficios que traerá. Correspóndelle facelo ó Goberno central, que argumenta a decisión en que España é un dos países da Unión Europea que máis baixo tiña este imposto. Comparáronos con Italia ou Alemaña, onde teñen tipos do 20% e 19%, respectivamente. Mais non se di que os salarios medios neses países son de entre 3.000 e 4.000 euros mensuais, cando o español sitúase en 1.800 euros.

Por outra banda, o Executivo central di que esta medida aportará uns ingresos de 5.150 millóns de euros máis entre 2010 e 2011 e asegura que terá “consecuencias mínimas” para o consumo. Pola contra, os Técnicos de Economía y Hacienda (Gestha) sosteñen que afectará ós colectivos con menor poder adquisitivo, como son os preto de 18,4 millóns de pensionistas e ós ‘mileuristas’, que na actualidade representan o 63% dos asalariados e autónomos.

A maioría da xente non ve ló-



xico que se grave o consumo neste momento, cando a crise está nun dos seus episodios máis duros. A Organización de Consumidores e Usuarios (Ocu) alerta de que o aumento do imposto indirecto supoñerá un gasto extra de 290 euros anuais para as familias galegas.

Os empresarios e comerciantes queren saber en qué medida vai afectar a suba do IVE ós seus negocios. Polo que se pode albiscar, os máis prexudicados serán o consumidor e o vendedor final. Este último vese entre a espada e a parede ó non poder repercutir a suba do gravame no prezo de venda ó público. Non é momento para aumentar prezos, porque os consumidores non estarán dispostos a pagar máis, segundo de qué produtos ou servizos se trate.

Sorprende que esta medida se anunciara o pasado mes de setembro e non fora ata hai aproximadamente un par de meses cando os partidos políticos na oposición puxeron “o berro no ceo”. A sim-

ple vista, toda a poboación amósase contraria a esta medida pero, faremos suficiente forza para conseguir que non se aplique? Nos últimos días prosperaron varias mocións no Senado -entre elas unha do BNG- que buscan impedir finalmente a suba das taxas. Non obstante, estas mocións non son de obrigado cumprimento para o Executivo estatal, polo que non terán unha repercusión práctica.

Por outra banda, segundo os datos que se van coñecendo e o que explican os analistas e expertos económicos, a suba do IVE acarreará un aumento da economía sumerxida e do fraude, polo que mermará a recadación que espera obterse. É neste aspecto onde se debera incidir, ademais de aplicar os convenientes impostos ás grandes fortunas e oligopolios mundiais, que son quen realmente evaden as esixencias legais, e non castigar ós consumidores de a pé e ás pequenas e medianas empresas.

Tribuna de opinión

Límites ás grandes áreas

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Os comerciantes galegos xa coñecen a nova normativa que vai rexer os seus negocios. A maioría do sector amósase favorable ós cambios introducidos, que segundo a Xunta foron deseñados para “potenciar o fortalecemento do sector”, en palabras do conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra.

Mais dende Asetem-Cca non vemos de todo claro ese apoio ó comercio tradicional galego do que falan no goberno autonómico. A día de hoxe, as grandes superficies seguen sendo as principais ameazas para o pequeno comercio. Galicia é unha das tres comunidades nas que máis aumentará a superficie comercial ata o 2011. Os centros inaugurados durante o ano pasado supuxeron case un tercio de toda a superficie aberta en España. Concretamente na cidade da Coruña, abriron dúas superficies nos últimos dous anos e está prevista a apertura doutra gran área para este verán. É unha dinámica que o comercio melidense, ó igual

que o de vilas próximas, non pode soportar.

No articulado do anteproxecto -que aínda ten que pasar polos pertinentes trámites parlamentarios- os únicos requisitos que se establecen para a instalación de áreas comerciais de máis de 2.500 metros cadrados son a necesidade contar cun permiso autonómico, outorgado pola Xunta. Para acadalo, a promotora da superficie ten que presentar un proxecto que cumpla a normativa urbanística, medioambiental e de accesibilidade, algo que se lle esixe a calquera nova construción. Tamén terá que contar con informes do organismos autonómicos con competencias en materia de urbanismo, medio ambiente, transporte e do Tribunal Galego de Defensa da Competencia, ademais do concello no que se vaia instalar.

Son os requisitos normais que debe cumprir calquera nova instalación e que non serán un impedimento para a proliferación deste tipo de áreas.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

SECCIÓN COLABORACIÓNS: Xosé Núñez López, Santiago Prado Conde

AGRADECIMENTOS: M^a Pilar López, Jorge Sangiao, Axencia Galega de Noticias

IMPRESIÓN: Norpremsa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	6
-COMARCA.....	9
-CULTURA E LECER.....	11
-COLABORACIÓNS.....	13
-AXENDA.....	14
-ENTREVISTA.....	15
-AS NOSAS PAISAXES.....	16

Asetem estudia realizar un concurso de tapas para os próximos meses

O obxectivo é dinamizar o sector hostaleiro de Melide e atraer visitantes á vila

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) está a estudar a realización dun concurso de tapas para os vindeiros meses.

A directiva da asociación analiza varios presupostos de empresas adicadas á organización de eventos deste tipo para atopar o que mellor se adapte ás necesidades e obxectivos que se perseguen.

A idea de Asetem é que o concurso se prolongue durante un período de tempo dun mes -que podería ser o mes de xuño-, ó ser un tempo razoable para que a iniciativa poida repercutir positivamente nos negocios hostaleiros melidenses. Non obstante, os establecementos participantes só ofrecerían as tapas en datas concretas, ben sexa as fins de semana ou durante certas horas os días laborables.

O público terá un papel determinante no concurso, ó ser o encargado de escoller a tapa ou tapas gañadoras, xunto cun xurado de expertos. O sistema de votación será mediante tarxetas que serán depositadas nunha urna, material que se repartirá en cada local.

Dende a directiva de Asetem



Asetem estudia facer un concurso de tapas para o próximo mes de xuño

xa contactaron con varios establecementos hostaleiros da localidade co fin de recabar a maior participación posible e acadar maior éxito para todo o sector. Ata o momento, os negocios contactados amosáronse receptivos a sumarse á actividade.

Animar á participación

Dende a asociación de empresarios melidense animan a tódolos propietarios de

establecementos hostaleiros -sexan asociados ou non- a participar nesta actividade, xa que será un incentivo para atraer maior clientela ós seus negocios.

Os que decidan apuntarse serán concovados a unha reunión na que se lle explicarán as bases e as características do certame.

Iniciativa novidosa

De levarse a cabo, sería a pri-

meira vez que se celebrara un concurso de tapas en Melide. É unha iniciativa novidosa que xa organizaron varias vilas próximas e que é benvida polo sector hostaleiro ó repercutir positivamente nos negocios participantes.

Por outra banda, a directiva de Asetem tamén contempla organizar unha xornada de degustación no marco deste concurso, na que participarían cocineiros locais.

Apoio dos empresarios melidenses ó Plan Terras de Ulla e Tambre

A presidenta de Asetem, Sonia Valiño, e a xerente, Pilar López, mantiveron un encontro coa consultora responsable de poñer en marcha as actuacións que desenvolverá o Plan de Dinamización de Terras de Ulla e Tambre.

Entre as iniciativas que estuda desenvolver o plan vinculado á Deputación da Coruña e que se trataron na reunión están a formación en idiomas para os responsables de negocios relacionados co turismo ou a aplicación das novas tecnoloxías neste sector.

Dende o plan tamén se contempla a posibilidade de contar cun stand promocional dos produtos gastronómicos máis típicos da comarca melidense para dar a coñecelos en feiras, centros comerciais ou outros espazos estratéxicos.

Dentro do plan tamén se inclúen iniciativas destinadas a aumentar a oferta turística da zona, como pode ser o funcionamento dun barco turístico nas augas do encoro de Portodemouros -que baña terras do concello de Santiso- ou a realización de actividades de turismo náutico neste enclave característico da comarca.

Asetem terá asemblea extraordinaria para elixir á Xunta Directiva o 15 de abril

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) celebrará o vindeiro 15 de abril -xoves- ás 21.00 horas unha asemblea de carácter extraordinario para elixir ós membros da Xunta Directiva.

As eleccións convócanse a petición dun numeroso grupo de socios que remitiron unha carta á dirección da patronal melidense solicitando a súa celebración. Esta decisión é compartida pola totalidade de membros da Xunta Directiva, que suscribe o que se demanda na misiva.

No escrito enviado polos asociados alúdese ó artigo 14 dos estatutos da organización, no que se establece que “a asemblea extraordinaria celebrárase cando o solicite un número de afiliados que

representen ó menos un 20% ou cando o acorde a Xunta Directiva”.

Os socios firmantes reclaman “a convocatoria á maior brevidade para proceder á elección de novos cargos directivos”.

A directiva fixou a data do 15 de abril, concretamente ás 21.00 horas en primeira convocatoria e ás 21.30 horas en segunda convocatoria.

Ademais, a asociación xa remitiu unha misiva a tódolos seus membros informando da celebración de eleccións -o único punto na orde do día- e das circunstancias nas que se desenvolverán.

Procedementos

Os socios que desexen presentar unha candidatura teñen

como prazo límite ata o día 9 de abril, ás 13.00 horas. Terán que entregar a documentación na sede da asociación, ubicada na rúa Lino Sexto Sánchez, en Melide. Deberán presentar un grupo integrado por un mínimo de 6 socios ata un máximo de 12.

Aqueles socios que non poidan acudir á asemblea poderán delegar o seu voto noutro asociado que vaia estar presente. Deberán cubrir e entregar o correspondente formulario nas oficinas de Asetem.

Por outra banda, a asemblea ordinaria celebrárase en datas próximas, aínda sen concretar. Presentarase o balance de contas, a memoria anual de actividades e os obxectivos para o próximo exercicio.

Mobles Ares inaugura unhas novas instalacións en Melide



A empresa Mobles Ares inaugurou recentemente unhas novas instalacións na rúa Florentino López Cuevillas de Melide. Trátase dun novo edificio dedicado integramente a exposición e almacén de mobles, co que suman 1.250 metros cadrados.

Mobles Ares mantén as instalacións na Ronda da Coruña, rexentadas dende hai uns nove anos por Andrés Ares e Piedad Turrado.

A nova exposición, onde predomina o moble moderno, poderá visitarse a partir do día 31 de marzo.

A nova lei de comercio só permite unha feira de oportunidades ó ano

A lexislación contempla a celebración dun segundo mercado previa autorización da Consellería



Javier Guerra e Nava Castro na presentación da nova lei

O Conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, xunto coa directora xeral de Comercio, Nava Castro, presentaron o pasado 8 de marzo en Santiago o anteproxecto de Lei do comercio interior de Galicia ante representantes de máis de 75 organismos, asociacións e federacións do sector entre as que se atopaba a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca).

A nova normativa establece cambios na aplicación de promocións antes do período de rebaixas, na celebración das feiras de oportunidades, elimina a caducidade dos vales de compra e promove a creación de novos órganos para regular a actividade comercial.

Segundo expresou Guerra, a nova lei ten o obxectivo de “potenciar a modernización do conxunto do sector” e de “mellorar o perfil competitivo do

comercio”, que na súa opinión atópase “especialmente ferido”.

Agora mesmo, o proxecto de lei atópase en proceso de alegacións -ata o 2 de abril-. Despois deberá seguir os trámites parlamentarios correspondentes ata entrar en vigor. Non obstante, non se prevé que se faga operativa ata o mes de xullo, segundo explicou Nava Castro.

Feiras de oportunidades

A nova normativa estipula que as feiras de oportunidades terán unha duración máxima de tres días, podendo celebrarse unicamente unha vez ó ano e “preferentemente en período de rebaixas”. Poderá celebrarse “excepcionalmente” un segundo mercado, previo informe favorable do Observatorio do Comercio e da Mesa Local de Comercio -dous órga-

nos de nova creación- contando tamén coa autorización da Dirección Xeral de Comercio.

Ademais, dous tercios dos comerciantes que participen na feira -que se deberá celebrar nun lugar habilitado para a ocasión- deberán exercer a súa actividade no concello no que se celebre. Ningún deles poderá ocupar máis dunha décima parte da superficie do recinto, segundo o novo texto.

Regulación das rebaixas

A nova lei pretende rematar coas promocións e saldos nos días previos ó período oficial de rebaixas. Estipúlase que os establecementos comerciais “non poderán ter realizado práctica promocional ningunha no curso dos trinta días anteriores á data de inicio da venda con rebaixas”. Agás no caso de que sexa para dar a coñecer un novo produto ou servizo ou a apertura dun establecemento; se se trata de produtos alimentarios ou para conseguir un aumento das vendas de produtos existentes e non teña unha duración superior a oito días.

Vales sen caducidade

No caso de que o establecemento acepte a devolución dos seus produtos, o comerciante deberá escoller entre devolver o importe ou dar un vale ou documento acreditativo da débeda polo importe correspondente, que non terá data de caducidade.

Novos órganos

Rexistro Galego de Comercio

Trátase dun censo actualizado dos establecementos comerciais da comunidade, así como das asociacións de comerciantes. A inscrición nel é obrigatoria e gratuíta, e está considerada condición indispensable para optar a calquera das liñas de axuda convocadas pola Administración galega.

Observatorio do comercio

Órgano asesor, consultivo, de estudo e formación en materia de comercio. Estará adscrito á dirección xeral competente en materia de comercio. As súas funcións son a elaboración de plans estratéxicos para a modernización e dinamización do tecido comercial galego, xestinar os coñecementos e información en materia de comercio e difundir e divulgar ditos coñecementos a través de actividades formativas como cursos ou seminarios.

Consello Galego de Comercio

Adscrito ó Observatorio do Comercio, créase este órgano con carácter consultivo. O seu obxectivo é asesorar e colaborar coa Administración autonómica na ordenación da actividade comercial, garantindo e defendendo os intereses xerais en materia de

comercio. Entre as súas funcións está informar sobre a normativa de ordenación da actividade comercial, formular propostas para a mellora do tecido comercial galego e avaliar os informes e consultas sobre comercio. Estará integrado por representantes da consellería, do Tribunal Galego de Defensa da Competencia, das Cámaras de Comercio e de federacións de asociacións empresariais e de comerciantes, ademais de membros da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e do Consello Galego de Consumidores e Usuarios. Este órgano constituirase en Comisión Consultiva a efectos de resolver informes para conceder autorizacións autonómicas.

Mesa Local de Comercio

En cada concello existirá unha Mesa Local de Comercio que actuará como órgano de coordinación e cooperación entre a administración local e os representantes do sector comercial. Estará formada por un membro de cada unha das asociacións de comerciantes do concello e igual número de representantes da administración local, ademais dun representante da administración autonómica. Deberá reunirse unha vez ó ano, como mínimo.

O teu comercio,
o teu xornal

Cupón nº 2
Abril 2010

Organiza:
CCA

Colabora:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314

info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

As grandes superficies comerciais precisarán informes e licencia da Xunta para a apertura

Deberán cumprir a normativa de urbanismo, medio ambiente e accesibilidade

“Precisará autorización comercial autonómica a instalación, ampliación e traslado dos establecementos comerciais que teñen unha incidencia ambiental, territorial, urbanística e no sistema viario que trascenda o termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia e características”. De acordo con esta parte do artigo 27 do capítulo III -incluído no apartado da ordenación comercial- as áreas que superen os 2.500 metros cadrados de superficie útil de exposición e venda ó público precisarán de autorización da Administración autonómica para a súa apertura.

A Xunta considera que as superficies destas características causan un “impacto territorial, urbanístico, viario e medioambiental”.

A concesión da licencia comercial autonómica estará baseada en “criterios de interese xeral”, tales como a adecuación aos instrumentos de ordenación do territorio, a viabilidade urbanística ou o cumprimento da normativa de



Galicia é unha das tres comunidades onde máis centros comerciais se abriron nos últimos anos

accesibiliade, circulación e mobilidade.

Neste senso, a nova lexislación establece que o proxecto da superficie comercial debe conter a previsión de melloras das infraestruturas que permitan a fluidez do tráfico rodado que xere a súa implantación, promovendo o establecemento de liñas de transporte colectivo que alivien o tráfico.

O centro deberá estar dotado cunha praza de aparcadoiro por cada 20 metros cadrados de superficie.

Deberá cumprir a normativa medioambiental vixente e pre-

ver a adopción de medidas de protección ambiental.

A maiores, o centro terá que contar con garderías, ludotecas ou salas de lactancia, como medidas de conciliación da vida familiar e laboral.

Para obter o permiso autonómico, o proxecto deberá contar con informes positivos das consellerías competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo, medio ambiente e transporte, ademais de co visto bo do concello onde se vaia emprazar e do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

Modifícanse as sancións e créase un corpo de inspectores

Os comerciantes que incumpran a nova lexislación expóñense a multas de ata 600.000 euros, no peor dos casos.

No referente ó importe da sancións, as infraccións leves serán penalizadas con multa de ata 1.500 euros, as graves dende os 1.501 ós 30.000 euros e as consideradas moi graves dende os 30.001 ós 600.000 euros.

O procedemento sancionador comezará por un apercibimento ó comerciantes. De continuar existindo infracción pasarase á multa e, de persistir o comportamento, á incautación e perda da mercadería. En último caso procederase ó peche do establecemento ou suspensión da actividade comercial, por un período inferior a un ano, segundo se estipula na nova lei.

Crearase un novo corpo de inspectores propio para o comercio, formado por funcionarios do Corpo de Xestión da Xunta de Galicia.

Máis limitacións

Segundo o conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, a necesidade de autorización autonómica para as grandes superficies é un “apoio” ó pequeno comercio. Pola súa banda, dende a Federación Galega de Comercio -organización na que está integrada Asetem- reclama “máis límites” á implantación deste tipo de áreas.

Voces internas do sector tamén reclaman o control da implantación de grandes superficies en polígonos industriais.

Axudas e subvencións

1. Axudas do IGAPE ó comercio polo miúdo, complementarias á liña de financiamento de circulante subsidiado e avalado para autónomos e microempresas (Plan Re-Solve) (DOGA nº 44, do 5 de Marzo de 2010)

Prazo: 30 de novembro de 2010. Destinado a beneficiarios do Plan Re-Solve que desenvolvan actividades de venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas ou comercio polo miúdo.

2. Axudas ós titulares de explotacións agrícolas e gandeiras para facilitar o acceso á financiación (BOE nº 61, do 11 de Marzo de 2010). Dispón 3 liñas para préstamos avalados por SAECA, consistentes en bonificación de costes de avais e subvencións nos préstamos suscritos (por ampliación do período de amortización ou para financiación da carencia especial)

3. Subvencións para a modernización de

comercios situados en zonas rurais de Galicia (Plan Re-comercia) (DOGA nº 49, do 12 de Marzo de 2010)

Ata o 20 de abril de 2010, para proxectos que teñan por obxecto: modernización e a implantación de comercios retalistas situados en zonas rurais; implantación de comercios en zonas rurais nalgunha ruta do Camiño de Santiago; renovación dos vehículos comerciais e toldos dos comerciantes ambulantes.

4. Subvencións aos titulares de autorizacións de transporte da serie VT-N (taxistas) para instalar sistemas de seguridade nos seus vehículos (Convocatoria 2010). (DOGA nº 53, do 18 de Marzo de 2010) Bases publicadas no DOGA nº 5, do 11/01/2010

Aberto o prazo de solicitude ata o 23 de Abril do 2010 para a adquisición de sistemas GPS e/ou anteparo. Axuda de ata o 50% do seu custo cun máximo de 500€ para GPS e 550€ para Anteparo.

Fiscal e laboral

Lei 1/2010 que reforma a Lei de Ordenación do Comercio Minorista. (BOE 53, de 2 de Marzo de 2010)

Modifica o concepto de venda de saldos, a normativa das máquinas de venda automática, a autorización da venda ambulante e das franquicias ...

Destaca o incremento das sancións e a eliminación do punto 2 do artigo 69, que regulaban os topes máximos das sancións según a facturación afectada pola infracción.

Real Decreto 337/2010, do 19 de marzo, que modifica o Regulamento de servizos de Prevención, a subcontratación no sector da construción e as disposicións mínimas de seguridade e saúde en obras de construción. (BOE 71, de 23 de Marzo de 2010). Destaca:

- Posibilidade de que o empresario asuma a actividade preventiva en empresas de ata 10 traballadores e substitúe a autorización da Autoridade Laboral por unha comunicación.
- Modifica a normativa en materia de subcontratación no sector da construción, incluíndo ós socios de cooperativas de traballo asociado no cómputo dos.
- O Plan de Seguridade e Saúde só se deberá realizar por empresas que teñan a consideración de subcontratistas e deberase adxuntar á comunicación de apertura.

Cea admite ter certificado a depuradora e argumenta que o fixo por “valentía”

“Prefiro cometer un erro tentando solucionar un problema, que non facer nada”, dixo a alcaldesa

Había gran expectación entre os melidenses sobre o que ía dar de si o pleno sobre a depuradora do polígono da Madanela, mais o resultado final foi decepcionante para moitos dos veciños que o presenciaron en directo.

Arredor dunha vintena de persoas encheron o salón de plenos da Casa do Concello arredor das 13.00 horas do pasado día 11, nunha sesión na que finalmente a alcaldesa melidense, Socorro Cea, recoñeceu que certificara a fin de obra da Estación depuradora de augas residuais (Edar) do parque empresarial. “Prefiro cometer un erro tentando solucionar un problema que non facer nada”, confesou. “É inaceptable e irresponsable non facer nada. Quen nada fai, nunca se equivoca. E o PP non fixo nada en 14 anos”, reprochou ó grupo da oposición.

Tras admitir o seu erro, a alcaldesa escudouse dicindo que “tentei actuar con responsabilidade e demostrar valentía”.

Pola súa banda, a portavoz do PP de Melide, Ánxeles Váz-



Momento do pleno sobre a depuradora do polígono, seguido por unha vintena de veciños

quez, censurou a conduta do goberno local, que calificou de “ilegal, irregular e constitutivo de delito”. Neste senso, Vázquez falou de “falsidade documental”, posto que a obra foi certificada mediante “facturas falsas” e criticou que Cea levantara o reparo do departamento de Intervención do Concello -que aconsellaba deter a tramitación do expediente a finais de ano, xusto cando finalizaba o convenio- dando por feito que a obra estaba “efectivamente rematada”.

“Non foi o camiño correcto”

O tenente de alcaldesa, Manuel Prado, tamén recoñeceu que “certificar a obra non foi o camiño correcto”. Malia isto, asegurou que se optou por esta opción “polo ben do pobo e dos empresarios de Melide”. Segundo explicou, a construción da depuradora atrasouse pola “complexidade na tramitación”. “Quizais non se levou coa rapidez necesaria”, confesou.

Na súa intervención, Prado reprochou á portavoz dos populares melidenses non inte-

resarse por conseguir unha depuradora para o polígono.

O número dous do goberno local remontouse ó ano 1994, cando foi inaugurado o polígono, e criticou que o goberno daquela época -dirixido por Miguel Pampín- “estivo durmido nos laureles”. Acto seguido, e en alusión á etapa de Ánxeles Vázquez como alcaldesa, insinuou que “tiña todo a favor” para conseguir a depuradora, xa que naquela época (2004) a Xunta de Galicia tamén estaba gobernada polo PP.

Neste punto, coincidiu coas palabras de Cea, que asegurou que “o PP esqueceuse de que o polígono precisaba depuradora, e ata 2007 nunca se fixo nada por solucionar este problema”. Así, destacou que o actual goberno local “conseguía en poucos meses o que outros non fixeron en 14 anos”.

Á espera de resolución

O goberno local non dá por perdido o convenio coa Consellería de Industria, xa que nestes momentos se atopa á espera da resolución das alegacións presentadas no departamento da Xunta a finais do mes de febreiro.

En relación con isto, Vázquez asegurou que “é moi difícil que mentras nons e retiren as facturas falsas non haberá un novo convenio”.

Ó que Cea respondeu que, de darse o caso, “seguiremos traballando para buscar outras vías de financiamento”.

Denuncia ante a Fiscalía

Ante a pretensión do PP melidense de poñer o caso en coñecemento da Fiscalía, a rexedora advertiu que “se o PP pensa que levar este asunto ós tribunais serve para que o polígono teña depuradora, que vaia mañá mesmo. Se, polo contrario, non serve para facer a obra, mellor que o pensen dúas veces”.

Triplícanse as rutas de Tes+Bus que unen a vila coas parroquias

O servizo de transporte escolar compartido que poden empregar os adultos para desprazarse ata a vila melidense dende as súas respectivas parroquias ampliou as súas rutas, ó pasar de dúas a seis.

Coa ampliación do programa Tes+Bus, que xa comezara a funcionar o ano pasado, son 6 as liñas que se poden coller para desprazarse dende o rural ata o núcleo urbano de Melide.

En concreto, as novas rutas -que comezaron a funcionar a mediados de marzo- pasan polas parroquias de San Mar-

tiño, Campos, San Cosme e Santa María, a primeira delas; a segunda une Golán, Baltar, Grobas, Maceda e Santalla con Melide; a terceira pasa por San Cibrao, Maceda, Xubial e Pedrouzos e a cuarta comunicará O Meire, Leboeiro e Furelos coa vila.

Estes novos percorridos súmanse ós que transcorren por oito núcleos rurais das parroquias de San Salvador e Os Ánxeles (con saída en Feal e paso por Andeán, Eirexe, San Salvador, Campo da Festa, Ponte da Pedra, Zaramil e Ri-beiro) e con outra ruta que

atraviesa doce lugares das aldeas de Folladela e Gondollín (saíndo da Anduriña, cara a Porto, Eirexe, Figueiras, Tabeira, Gondollín, A Garea, Chapelín, O Feal, As Barreiras, Corbelle e Garceiras).

Deste xeito, o servizo promovido pola Xunta, dá cobertura a “practicamente todo o territorio das parroquias de Melide”, segundo manifestou a alcaldesa, Socorro Cea.

Ademais trátase dun servizo económico, xa que só hai que aboar un euro por viaxe, e que suple a carencia de transporte público en moitas parroquias.

O PP critica a “premura” do Concello en anunciar a aprobación inicial do PXOM

A voceira do PP de Melide, Ánxeles Vázquez, criticou que a alcaldesa, Socorro Cea, anunciara a través dos medios de comunicación e da páxina web do Concello a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) en novembro, cando catro meses despois non se celebrou unha comisión informativa nin convocatoria para o pleno.

Para a edil popular, a “premura” de Cea en anunciar este extremo “estaa levando ao incumprimento reiterado das súas promesas”, algo que pro-

voca nos melidenses unha “constante desconfianza do que vai acontecer”, asegurou.

Vázquez critica que “despois de anunciálo reiteradamente, non se pode ter ós promotores, construtores e particulares agardando un plan que non acaba de chegar”.

Neste sentido, dende os populares de Melide esixen explicacións sobre os informes do que “aínda non dispón o Concello” ou que se expoñan os motivos que levaron a anunciar a aprobación inicial do plan no mes de novembro.

Intensa actividade en Melide para celebrar o Día da Muller Traballadora

Impartíronse cursos de cociña para pequenos e para homes, con boa acollida entre os melidenses

Con variedade de iniciativas, para tódolos públicos e tanto para os homes como para as mulleres. Así foi a programación do Concello de Melide para celebrar o Día da Muller Traballadora.

O propio día, o 8 de marzo, os alumnos do IES da localidade gozaron da proxección de varias curtametraxes baixo o título 'A visión do mundo dende a óptica feminina'. Os máis pequenos asistiron no Edificio Multiusos a sesións de contacontos e realizaron diferentes xogos relacionados coa igualdade entre sexos. Como colofón a ese día, proxectouse a película 'La sonrisa de Mona Lisa', un acto ó que puido asistir todo tipo de público.

Obradoiros de cociña

A cociña é unha das actividades nas que máis desigualdades se perciben entre homes e mulleres. O Concello melidense fixo fincapé neste ámbito e organizou un obradoiro de cociña para pequenos -nenos e nenas- que aprenderon a elaborar receitas sinxelas. Non obstante, o obxectivo final desta actividade é "que adquiran dende nenos os hábitos de compartir as tarefas domésticas e de educarse



Participantes no curso de informática



Varios rapaces cociñaron doces no curso de cociña



Presentación dos trípticos e marcapáxinas sobre mulleres



Exposición con cadros de artistas melidenses

en igualdade", destacou a concelleira de Igualdade, Casé Rodríguez.

Ademais, tamén se imparte un curso de cociña para homes, que se celebra tódolos mércores e xoves ata finais de abril, ás 20.00 horas na cociña da Casa do Concello e que segundo informaron dende o goberno local ten moi boa acollida entre os adultos.

Entre as propostas dirixidas

especificamente ás mulleres, concretamente para as que superan os 65 anos, impártese un curso de iniciación á informática, que se celebra dous días á semana ata o próximo 31 de maio na aula de informática do Multiusos.

Mulleres con historia

Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, Francisca Herrera, Clara

Campoamor, María Barbeito, Maruxa Mallo, María Casares, Filomena Dato, Olimpia Valencia, Inés de Castro e Sofía Casanova. Son os nomes de once mulleres que identifican doce rúas de Melide e sobre as que o Concello editou trípticos monográficos e marcapáxinas co propósito de dar a coñecer o seu traballo entre os veciños.

Por outra banda, tamén se inaugurou a exposición

'Ollando á muller', unha mostra de vinte cadros -algúns deles feitos en punto de cruz ou con area pintada- obra de catorce mulleres e dous homes de Melide.

A mostra, que se pode visitar ata finais de mes, está ubicada no Edificio Multiusos da vila. Varios colectivos, como é o caso dos usuarios do Centro de Día, xa se desprazaron ata a sala para observar as obras.

Nace a primeira escola de Pais e Nais de Melide

Membros das Asociacións de Nais e Pais (Anpa) dos tres colexios de Melide reuníronse a comezos de marzo con representantes da Asociación Socio-Pedagóxica Galega para botar a andar a primeira Escola de Pais e Nais de Melide. No encontro tamén participaron a alcaldesa, Socorro Cea e a edil de Cultura, Conchi Castro.

Marcáronse como obxectivo realizar reunións para abordar os temas que habitualmente máis preocupan ás familias

para educar ós seus fillos. As xuntanzas, que estarán dirixidas por expertos, celebraranse tódolos martes ás 20.30 horas no Edificio Multiusos, segundo informou o Concello.

Tratarán sobre o uso axetado das novas tecnoloxías, cómo previr e afrontar o fracaso escolar, o mundo das emocións e a educación afectivo-sexual, o papel da familia ante o consumo de drogas, a autoridade na familia ou a violencia nas aulas.



Estréase unha pista multideporte que permite xogar a 8 disciplinas

O Concello valora a súa ubicación “segura” ó estar afastada das principais rúas

Os veciños de Melide dispoñen dunha nova instalación que ofrece a posibilidade de xogar a 8 disciplinas deportivas. Trátase dunha pista multideporte equipada para xogar ó fútbol, balonmán, voleibol, bádminton, fútbol-tenis, fútbol-brasilía e hockey, segundo figura no proxecto redactado polo arquitecto municipal.

A pista está situada a carón do Instituto de Ensinanza Secundaria da localidade. Nela investíronse máis de 57.700 euros por parte do Concello melidense en colaboración coa Xunta de Galicia.

A nova instalación ten unhas medidas de 30x14 metros e está equipada con porterías, canastras, postes de tenis e volei. A base é de céspede artificial.

Para favorecer unha integración harmoniosa co contorno,



A pista multideporte sitúase a carón do instituto

instalouse un peche formado por perfís de aceiro galvanizado, dun metro de altura e situados cada dous metros, e que están unidos por placas de madeira de pino tratado.

Ademais, a pista conta con luz propia, para que poida ser empregada polas noites.

Técnicos do Concello acompañaron á alcaldesa, Socorro Cea, ó primeiro tenente de alcaldesa, Manuel Prado, e ao concelleiro de Deportes, Anto-

nio Varela, na visita á nova instalación deportiva, sobre a que Cea resaltou a súa “idónea ubicación” ao atoparse “nun lugar seguro ao estar apartado da rúa principal”. Dende o goberno municipal valoran a “multiplicación da oferta de infraestrutura deportiva” e destacaron que as pistas de pádel e a de multixogo que se inauguraron o verán pasado “son as instalacións municipais con maior demanda”.

Achégase o V Campeonato de Pesca Terra de Melide

V CAMPEONATO DE PESCA

SÁBADO 10 ABRIL 2010

ASOC. DE TROITEIROS
TROFEOS máis material de pesca
Prazas limitadas

Terra de Melide

CAMPEONATO CON CEBO ARTIFICIAL **PRÉGASE VIR ACOMPAÑADO DE XUIZ**

DATA LÍMITE DE INSCRIPCIÓN:
Mércores **7** de Abril de 2010.

DATA DO SORTEO:
Xoves **8** de Abril de 2010, ás 20:30 h. na cafetería “Cire”.

HORA XUNTANZA:
Sábado día **10** ás 08:00 h. na Churrería “O Burato”.

PREZO DO XANTAR:
15 € (persoa) cervexería “Orais”.

INFORMACIÓN:
Teléfono: **696 607 348** www.riofurelos.es
asociaciontroiteiros@gmail.com

RUA	ARMERIA CEA	Reman	CASA SIDORIO	HALCOURIER
MAIYA	Cire	Continente	Frutas La Andalus	Frutas La Andalus
Alga "O Lar"	Bar LINARES	La Bellota	La Gase	La Gase
A'noit	CSA	PRIMEL MELIDE	CONCELLO DE MELIDE	CONCELLO DE MELIDE

O próximo 10 de abril as augas do río Furelos acollerán o V Campeonato de Pesca Terra de Melide. Organizado pola Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’, é o único concurso aberto de toda a comunidade. Poden participar aquelas persoas que teñan licencia de

pesca, asociadas ou non á entidade organizadora, estean federadas ou non.

O campionato ten prazas limitadas, polo que o último día para inscribirse é o mércores día 7. Os interesados poderán obter máis información na páxina web www.riofurelos.es.



Tablas Racións Almorzos

Os fins de semana achégate a tomar unha copa e disfrutar da boa música!

Avda de Toques,35 - Melide

Atopan un porco morto no río Furelos



Membros da Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’ de Melide atoparon un porco morto na beira do río Furelos, concretamente máis abaixo da ponte de Portochao, no límite co concello de Santiso. O corpo do animal -unha femia- quedou varado na beira do río

despois das últimas echentas. Os troiteiros denunciaron o feito ante as autoridades locais. Ademais, poideron comprobar ‘in situ’ que quen depositou alí o animal fíxoo “con alevosía, porque se preocupou de lle retirar calquera elemento identificador antes

de perpetrar o delito”.

Dende o colectivo de troiteiros fan un chamamento ós veciños para “erradicar este tipo de comportamentos” que poder ser “tremendamente perniciosos” para a saúde do medio ambiente e “dan de nós unha imaxe inculta e incivilizada”.

Hostaleiros da zona prevén unha ocupación superior ó 70% durante esta Semana Santa

Aseguran que as reservas son semellantes a anos anteriores

A festividade marcará un punto de inflexión na chegada de camiñantes

Se o tempo non o estraga, os aloxamentos da Terra de Melide terán nesta Semana Santa unha ocupación superior ó 70%. Así o confirman fontes do sector que, consultadas a semana previa ós festivos, aseguran que as reservas son “máis ou menos coma anos anteriores”.

Nas casas de turismo rural da comarca agárdase unha ocupación próxima ó 100% e mesmo algunhas xa colgaron o cartel de “completo”. No caso concreto da Casa de Los Somoza, ubicada en pleno Camiño de Santiago na parroquia melidense do Leboreiro, as reservas están nun 70%. A maior parte dos ocupantes son peregrinos chegados de varios puntos da Península.

A diferenza desta circunstancia, os ocupantes da Casa Rebordiños, de Sobrado, son



As casas de turismo rural da zona esperan colgar o cartel de “completo” na Semana Santa

galegos, e varios repiten estancia. A vivenda -que se aluga completa- está reservada para mércores, xoves, venres e sábado. O domingo é o día máis difícil de cubrir, xa que para a maior parte da xente é a última xornada de descanso.

No Hotel Carlos 96 de Melide xa non teñen habitacións nin para xoves nin para venres. Din que “son os días fortes dos peregrinos”. Pero sí lles quedan prazas para a fin de semana.

Os efectos da crise

Segundo os hostaleiros, o sector turístico é un dos que máis nota os efectos da crise, xa que “viaxar non é imprescindible”. Aínda así, Celia Sánchez, a propietaria da Casa Rebordiños, asegura que este ano tiveron “máis chamadas e máis reservas que dende hai tres anos”. Sostén que a crise “comezou no 2004. A crise xa vén de antes”, comenta.

Da mesma opinión é Jesús Cardelle, propietario da Casa

de Los Somoza. “Ahora la gente no viene toda la semana, como lo hacía antes”.

O sector teme que a suba do IVE -a partir de xullo- sexa un revés para os seus negocios.

O tirón do Xacobeo

A maioría dos hostaleiros da zona coinciden en sinalar que a Semana Santa supoñerá un punto de inflexión no relativo á chegada de peregrinos. “Por agora non se nota o aumento, virá a partir destas datas”, ase-

gura Víctor Castro, do Hotel Carlos 96. Precisamente, o goberno galego vaticinaba que nesta festividade xa se notaría un aumento dos camiñantes, mais o sector di que será a partir destas datas cando se perciba o “efecto Xacobeo”.

Non obstante, hai certo pesimismo en canto a que o Ano Santo funcione a modo de balón de osíxeno para o sector, tal e como se agardaba antes de que comezara. Algúns cren que se a efeméride relixiosa fose vento en popa, as fins de semana dos meses de abril ou agosto estarían practicamente completos.

O tempo, factor clave

Os empresarios do sector turístico miran ao ceo á espera de que o tempo non estrague as previsións coas que traballan. Así as cousas, que os días previos ó Xoves Santo estea mal tempo fará que se anulen moitas reservas. “Si hace mal tiempo, la gente llama el día anterior para anular”, asegura o responsable da Casa de Los Somoza. Neste sentido, Cardelle comenta que “fastidia mucho” que as prediccións meteorolóxicas que se difunden a través dos medios de comunicación nacionais sexan erradas. “Tendremos cantidad de anulaciones si dan mal tiempo”. Unha situación que sobre a que protestan tódolos anos os hostaleiros galegos.

Camiñata para inaugurar o roteiro de Visantoña

O próximo día 3 de abril inaugurarase o roteiro de Visantoña, o único de toda a comarca que conta coa homologación da Federación Galega de Montañismo. A Asociación Cultural e Veciñal ‘O Noso Lar’ de Visantoña convida a tódolos veciños da comarca a participar nunha xornada na que se percorrerá o roteiro. A cita é ás 10.30 horas no local social de Visantoña, onde se fará a presentación do sendeiro. Seguidamente comezará o percorrido para chegar ó Pazo de Vilar de Ferreiros, onde os

participantes gozarán dunha visita guiada. Logo xantarán ó aire libre e pola tarde pasarán polo último tramo do roteiro. Trátase dun percorrido circular de baixa dificultade polos lugares de Seoane, Vilar de Ferreiros, O Ribeiro, A Liñeira, Balocás e remata en Pazos. Ó longo dos seus 14 quilómetros pódense ver castros, mámoas, un conxunto de muíños e o encoro de Portodemouros, todo sinalizado con paneis explicativos. O roteiro foi deseñado de tal xeito que pode facerse a pé, en bicicleta ou a cabalo.

ESPAÑA
ALEMANIA
FRANCIA

SUIZA
HOLANDA
BELGICA

LUXEMBURGO
ITALIA
PORTUGAL
AUSTRIA



SIERRA

TRANSPORTE DE VEHÍCULOS NACIONAL E INTERNACIONAL

Manuel Vázquez García

Tfno./Fax: 981 50 79 10 manuel@transierra.es

Móviles: 610 52 34 50 / 51 Parque Emp. La Madanela, nave 79

www.transierra.es 15800 MELIDE (A Coruña)

O Valedor do Pobo tramita máis de 15 queixas dos veciños da comarca

A institución advertiu a Melide ao non actuar con dilixencia sobre dous casos

O Valedor do Pobo recibiu ó longo do ano pasado un total de 17 queixas procedentes da Terra de Melide, segundo consta no informe que a institución publicou recentemente. Esta cifra supón un notable aumento respecto das 7 queixas rexistradas no exercicio de 2008.

As reclamacións repártense en 10 no concello de Melide, catro en Santiso, dúas en Sobrado e unha en Toques. O concello cabeceira de comarca mantén a súa tendencia de ser o que máis protestas aglutina. De tódolos xeitos, en 2009 detectouse un evidente incremento con relación ó ano anterior, ó pasar de catro a 10 queixas.

En Santiso aumentaron as reclamación de unha a catro; en Sobrado duplicáronse -pasando de unha a dúas- e Toques mantívose con unha, ó



O ruído da movida ocasiona a maior parte das queixas

igual que ocorrera en 2008.

Do total de protestas, catro son referidas ós Concellos. Repártense en tres no de Melide e unha no de Santiso. No exercicio de 2008 só se rexistraran tres, formuladas unicamente por veciños do concello melidense.

Advertencia a Melide

No informe que o Valedor do Pobo presentou no Parlamento de Galicia figura a advertencia que a institución fixo ó Concello de Melide por non actuar de xeito dilixente. Esta

chamada de atención foi acompañada dun recordatorio de deberes legais, no que se lle indicou ó Concello que “a negativa ou negligencia ao envío dos informes solicitados poderá ser considerada polo Valedor do Pobo como hostil e entorpecedora das súas funcións”.

As administracións locais dispoñen dun prazo de 15 días para remitir á institución autonómica a documentación reclamada en relación coas queixas que están en trámite. O Concello de Melide incum-

priu dito prazo en dúas ocasións, concretamente nos expedientes Q/1903/08 e Q/1289/08. Mais só recibiu unha advertencia ó responder en tempo tralo primeiro aviso.

O primeiro deles, segundo se explica no informe ordinario de 2009, refírese aos ruídos procedentes de locais. “A pesar da insistencia, este Concello non concretou a adaptación formal dos establecementos ao previsto no novo catálogo (Decreto 292/2004), unha obriga municipal que repercute directamente nun dos principais obxectos da queixa, os horarios”, explica o informe.

“Non se comprobou que os locais que se citan como bares realmente funcionen como tales, sen música e cun horario reducido; parece deducirse que funcionan como pubs”. O Valedor sostén que de comprobarse este extremo deberían adaptarse á norma “de forma inmediata” e seren sancionados. “Tampouco se sinala nada en relación co control do ruído na rúa, co consumo fóra dos locais ou co tránsito da xente na rúa debido á saturación da zona”, critica o texto.

Toques mellorará a cobertura de telefonía móbil

O Concello de Toques puxo en marcha recentemente un plan de telefonía integral que ten como obxectivo dotar ao concello dunha mellor cobertura de telefonía móbil.

A comezos de marzo un técnico de Telefónica trasladouse ás dependencias municipais para obter información relativa ás zonas de sombra do concello. Dende o Concello confirmaron que a empresa está a elaborar un estudo para coñecer a problemática da zona e así levar a cabo as actuacións pertinentes.

Está prevista a instalación de varias antenas repetidoras para acadar a máxima cobertura posible, pero aínda non se concretou nin os lugares nin a data de instalación.

Nos vindeiros días, a firma presentará as conclusións do estudo no Concello.

Na actualidade, os veciños de Toques atópanse con importantes problemas para establecer comunicacións a través do teléfono móbil xa que na maior parte do territorio non hai cobertura.



formación y desarrollo

Ingafor Consultores, a través de un equipo multidisciplinar especializado en la gestión de rhh y la formación empresarial, concentra sus esfuerzos en el desarrollo de personas mediante el pilotaje de proyectos a medida para Empresas, Asociaciones Empresariales y la Administración Pública.

902 90 51 90
www.ingaforconsultores.com
ingaforconsultores@ingafor.com
A CORUÑA | LUGO | MADRID | VIGO

iG
InGaFor
CONSULTORES

Repaso polas conquistas femininas para celebrar o Día da Muller en Toques



A presidenta da Asociación de Teenses pola Igualdade, Rosa Gómez Limia, foi a encargada de facer repaso das conquistas das mulleres ó longo dos dous últimos séculos nunha conferencia titulada ‘A loita das mulleres pola igualdade’. Deste

xeito quixeron conmemorar no concello de Toques o Día da Muller Traballadora. O acto celebrouse o pasado día 18 no Colexio Vello de Souto. Estivo presentado pola concelleira de Cultura, Cruz Bande. Ó remate da exposición esta-

bleceuse un coloquio entre os asistentes e a escritora, que sitúa a igualdade real “nun futuro aínda moi lonxano”. Os presentes poideron gozar da actuación dunha parella de bailaríns que pechou o acto cun valse e un tango.

A VI Foliada de Melide contará coas actuacións de máis de 25 grupos

A mostra de artesanía estará ubicada na praza do Convento

A VI Foliada de Melide chega cargada de actos que deixarán sen descanso a pequenos e maiores que acudan a Melide os vindeiros 24 e 25 de abril. O cartel da festa, foi presentado recentemente nun serán celebrado en Melide, ó que asistiu numeroso público.

Primará a música tradicional galega, pero tamén haberá animación de rúa, desfiles de cabezudos, mostra de artesanía, obradoiros varios e teatro. Iso si, tódalas actuacións e espectáculos celebraranse ó aire libre, nas rúas e prazas melidenses. En total, participarán máis de 25 formacións grupais de música tradicional.

O sábado 24 comezarase pola mañá con animación de rúa e desfile de cabezudos. A música apoderarase das tabernas melidenses no II Concurso de Cantos de Taberna. Segundo informou a organización, uns 12 grupos percorrerán a zonas dos viños de 12.00 a 15.00 horas actuando nun total de 14 establecementos. Participarán a



As actividades da Foliada celebraranse no exterior

Rondalla Moraima (Arzúa), Axóuxere (Melide), Grupo Visantoña (Santiso), Fiadeira (Antas de Ulla), Maghúa (A Coruña), Bingo Birón (Toques), Sobreiras do Ulla (Touro), Reviravolta (O Pino), Alén do Mar (Bergondo), A Ghaita do Avó (Marín), A Quinta da Laxeira (Vedra) e Airiños Galegos Doce Albor, un grupo de Santurce (Bilbao) que vén de intercambio a Me-

lide para participar na Foliada. Pola tarde celebrarase unha marcha gaiteira polas rúas da vila na que participarán a maioría de grupos que figuran no cartel da Foliada.

Xa pola noite, ás 21 horas na praza das Coles está programado un serán no que actuarán uns 17 grupos da comarca e foráneos. Os anfitrións serán Herba Grileira, Froito Novo, Axóuxere, Vaidarela e

Abeancos de Melide. Entre as formacións da comarca actuarán Fol da Chousa de Visantoña, Bingo Birón de Toques e A Maristela de Sobrado.

Tamén participarán Fiadeira de Antas de Ulla, Falcatrueiros de Monterroso, Pandereteiras de Sarria, Bico da Balouta de Agolada, Xirandola de Bandeira, Pao de Buxo de Silleda, D Outeson da Serra de Outes, Maghúa de A Coruña, e Airiños Galegos de Santurce.

O domingo 25, á mañá seguirá a animación de rúa e actuarán grupos de baile. Pola tarde haberá unha obra de teatro para os máis pequenos e continuarán as actuacións.

Obradoiros de artesanía

Na praza do Convento estará ubicada a mostra de artesanía, onde se darán cita artesáns da pedra, da madeira, da forxa ou do coiro. Tamén haberá mostrase de instrumentos tradicionais como a zanfona ou a gaita e de traxes. Ademais, impartirase un obradoiro de canto tradicional e outro sobre o tear.

Charamela rescata 'Se o sei... non volvo á casa'

A Asociación Cultural Charamela de Melide volverá poñer en escea a obra 'Se o sei... non volvo á casa'. A peza teatral, escrita por Manuel Varela Buxán, foi estreada o pasado 12 de decembro.

Foi tal o éxito acadado nesa primeira representación que moitos melidenses quedaron sen vela, xa que o pavillón do IES de Melide quedouse pequeno para acoller ós preto de 500 espectadores que alí se congregaron. Á vista das datas festivas que se aveciñan, a asociación decidiu volver representar a peza. A función será o 3 de abril, ás 21.30 horas no pavillón do instituto.

Jesús Gómez Lareo dirixirá a posta en escea, na que participarán uns dez actores, ademais do equipo de son, iluminación, vestuario e maquillaxe propios.

As entradas poden adquirirse na Librería Parrado, na Farmacia Hijos de Luis López, na Xoiería Roval e en Muxica Tenda Xoven.

Diversas procesións protagonizarán a Semana Santa da zona

Achéganse datas especialmente vencelladas á relixión católica. Nestes días son numerosos os actos litúrxicos que se celebran na gran maioría das parroquias da comarca. Aínda que as celebracións xa comezaron hai varias xornadas co tradicional Domingo de Ramos, os días máis especiais aínda están por vir.

A vila de Melide será a que máis actos acollerá nestes días. Ó longo da semana celebráronse consecutivamente os actos penitenciais, que terán continuidade o Xoves Santo ás 13.00 e o Venres Santo ás 09.00 horas na parroquia de San Pedro. Na de Santa María serán o xoves ás 11.30 horas.

Ese mesmo día, ás 19.00 horas, celebrarase a misa da Cea do Señor na igrexa de San Pedro, que tamén acollerá a Hora Santa ás 22.00 horas. En

Santa María, o Xoves Santo completárase coa eucaristía da Cea do Señor ás 17.00 horas.

O Venres Santo é o día que máis devotos concentra nas rúas melidenses, xa que é cando se celebran as procesións máis seguidas. A xornada comezará cedo para aqueles feligreses que decidan acudir á procesión do Perdón na parroquia de San Pedro. Partirá da igrexa ás 08.00 horas. Tamén se celebrará o rezo do Vía Crucis. Pola tarde, ás 19.00 horas serán os oficios e ás 21.00 a procesión da Virxe da Soedade.

Na parroquia de Santa María o rezo do Vía Crucis celebrarase ás 11.00 e ás 17.00 horas os oficios.

Os actos litúrxicos rematarán o sábado, coa Vixilia Pascual, que será na igrexa de San Pedro ás 21.00 horas.

Cerne achega ós escolares de Arcediago a dinámica do xornal na Semana da Prensa



Os 25 alumnos do Colexio Público de Arcediago, en Santiso, culminaron as actividades da Semana da Prensa cun encontro coa xornalista de Cerne, que lles explicou cómo se fai un xornal. Os rapaces seguiron

atentos o proceso de creación dun diario e interesáronse por cuestións relativas á confección das noticias. Ó longo da semana realizaron diversas actividades relacionadas co mundo da prensa e analizaron

os contidos de distintos xornais galegos, españois e estranxeiros para elaborar un mural. Éste foi confeccionado coas cabeceiras dos diarios que estiveran lendo e coas súas principais seccións.

ESPECIAL XACOBEO 2010

Sobrado recibirá a visita de máis de 4.000 peregrinos

Dous grupos de 1.500 persoas xa teñen reservadas prazas para o mes de agosto

Máis de 4.000 peregrinos xa teñen confirmada a súa visita a Sobrado neste ano 2010. Segundo informou o Concello, os dous grupos máis numerosos son de 1.500 persoas cada un, pertencentes á diocese de Madrid, que pernoctarán os días 2 e 3 de agosto no pavillón polideportivo da localidade.

A partir de finais deste mes chegarán grupos formados por entre 30 e 1.500 persoas, procedentes de varias localidades galegas (Guitiriz ou A Coruña) e de Asturias, Cantabria, Badajoz ou Murcia.

Os colectivos xa contactaron co consistorio de Sobrado para



O albergue do mosteiro de Santa María conta con 60 prazas

reservar unha praza na instalación municipal, que ten que ser habilitada xa que o albergue do mosteiro de Santa María só conta con 60 prazas.

Aínda así, o Plan de Xestión do Xacobeo deberá instalar

tendas de campaña do Exército para dar acollida ós numerosos camiñantes que teñen reserva, segundo confirmaron fontes do Concello de Sobrado, xa que no polideportivo só hai 150 prazas.

Concellos do Camiño Francés reclaman á Xunta melloras na ruta

Os once alcaldes dos concellos de Lugo e A Coruña polos que atravesa o Camiño Francés reuníronse recentemente en Melide -que este ano preside o pleno da Mancomunidade de Concellos do Camiño Francés- para solicitar á Xunta que leve a cabo melloras na ruta.

Os rexedores acordaron de xeito unánime solicitar unha entrevista “urxente” co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, para abordar cuestións que segundo manteñen “están a prexudicar notablemente o paso dos peregrinos por esta ruta”. Para elo xa remitiron unha carta ó titular do goberno galego.

Unha das actuacións que lle demandarán de xeito prioritario é a necesidade “dunha inmediata intervención” para mellorar o estado do firme nalgún tramo da vía, xa que presenta graves dificultades

para os peregrinos que fan o Camiño en bicicleta.

A dura meteoroloxía deste inverno, con constantes temporais, provocou importantes danos no firme. Segundo a presidenta de turno da organización e alcaldesa de Melide, Socorro Cea, a situación “empeora o paso e a imaxe desta plataforma turística”.

Material para albergues

Os alcaldes tamén acordaron pedir á Xunta a dotación de material -fundamentalmente colchonetas- para as instalacións que se habilitarán nas épocas de maior afluencia de camiñantes. Os concellos acordaran previamente coa Xunta que sería o goberno autonómico o que mercara este material, mais agora éste comunicou ás administracións locais que lle corresponde asumir a elas esta tarefa.



VENDE VIVIENDA UNIFAMILIAR EN CONSTRUCCIÓN

CONSTRUCCIONES CSA

- Empresa dedicada a todo tipo de construcción (viviendas, edificios, naves industriais, obra pública...)
- Preparación de locais comerciais, para todo tipo de actividades.
- Información para a elaboración de proxectos, licenza municipal, altas nos servizos de abastecemento e todas as xestións que se precisan para unha obra.
- Poñemos todos os medios que necesitas para facer doado e económico o teu proxecto.

Presupostos sen compromiso

Rúa do Convento, nº 15-18esqu-15800-Melide (A Coruña)
e-mail: oficina@csaconstrucciones.com Tel. 607 208 439 - 697908450 Fax. 981507374

Melide edita mapas turísticos relacionados cos distintos Camiños

O Concello de Melide vén de rematar a edición dunha colección de mapas turísticos relacionados cos Camiños de Santiago que atravesan a localidade, o Francés e o Primitivo. Baixo o título ‘Melide nos Camiños de Santiago’ elaboráronse un mapa turístico do casco urbano, outro de todo o concello e un monográfico sobre cada unha das dúas rutas que discorren por terras melidenses.

O primeiro destes mapas, o correspondente ó casco urbano, xa está na rúa. Editáronse uns 5.000 exemplares, que se distribuirán entre os establecementos comerciais da vila e estarán a disposición de peregrinos e visitantes na Oficina Municipal de Turismo, ubicada na sede do Museo Terra de Melide.

O mapa proporciona dous tipos de información distinta. Por unha banda, ubica os principais servizos municipais -como son os colexios, parques, infraestruturas culturais

ou deportivas- e os servizos privados, como establecementos de hostalería, aloxamentos ou farmacias, no rueiro da vila. E por outro lado identifica e sitúa elementos artísticos, arquitectónicos e museísticos cos que conta Melide, nomeadamente o cruceiro de San Roque, as distintas igrexas, capelas ou as prazas da localidade. Ademais, o mapa tamén inclúe unha relación de teléfonos de interese.

Segundo explicou o concelleiro de Turismo, Antonio Díaz, trátase dunha “ferramenta fundamental para empregar como documentación na Oficina de Información Turística nun ano no que a afluencia de peregrinos se multiplica notablemente”. Díaz quixo destacar a “imprescindible colaboración” do Museo Terra de Melide e, en particular, do seu director, Xosé Manuel Broz, que debuxou a man as casas da zona vella melidense, o que achega un valor artístico ó mapa.



OUTRA PRODUCCIÓN..... **MUXICA** Tenda Xoven
NA RUA DO CONVENTO 21. MELIDE Tfno. 981506366

A voltas co 'gallego'

Santiago Prado Conde (Chago)

Teño que comezar estas letras agradecendo a ASETEM que pensara neste servidor para colaborar co xornal que nos achega á realidade comarcal e tamén facer públicos os meus parabéns por ter superada a barreira simbólica do medio centro de números.

Atopábame tranquilamente degustando un café cando me chega a noticia de que certa personalidade política utilizara a palabra gallego de xeito pexorativo para definir a outra persoa. Quedei sumido nun profundo silencio e absorto. De súpeto, espertei do sono que mantiña cos ollos abertos, tratei de cavar e relacionar distintos aspectos da vida, e, despois do esforzo, non atopei ningún significado pexorativo para a adxectivación gallego. Eu non podo atopar significados negativos ao referido adxectivo porque estou orgulloso de que me recoñezan como galego cando saio fóra deste pequeno recuncho do noroeste peninsular, ademais de que eloxio con asiduidade certas características paisaxísticas, culinarias e as relacións sociais nas que me atopo inmerso. Esta característica individual de loa cara todo o galego quizais me impida relatar con claridade a mal conveniencia de usar gallego de xeito pexorativo, polo que referirei á miña experiencia profesional e vital para facer algunhas aclaracións e achegas ao debate.

En innumerables ocasións, cando estou fóra da casa, preguntanme como son os galegos, e a miña resposta sempre é a mesma: diversos, heteroxéneos, algúns boas persoas e outros non tanto, uns rin constantemente como modo de enfrontarse á vida e outros choran, e un longo etcétera. A perplexidade de quen escoita tal indefinición, quizais correctamente definida, sempre se transforma na mesma resposta: entón son igual ca nós, hai de todo. Esta perspectiva antropolóxica, que considera a diversidade interna de todas as culturas, tamén é un xeito de encarar a vida e a realidade, porque nos permite construír unhas relacións socioculturais baseadas na interculturalidade e no recoñecemento de que toda sociedade é multicultural. Esta perspectiva tamén nos permite fuxir dos estereotipos sobre determinados colectivos co fin de construír unha sociedade non baseada na determinación ao estigma.

O modo de representar a vida que se acaba de suxerir non parece axeitarse ao daquelas persoas construídas como humanas noutras épo-

cas, onde o outro que non era como a afirmación do pretendido nosoutros pasaba a representar un perigo, era sospeitoso das propias fantasías. Quizais exista nostalxia de tempos pasados por parte dalgúns protagonistas públicos, porque a resposta do gabinete de prensa da líder do partido UPyD ao clamor social de rectificación foi: "ofenderse por isto é unha mostra de intolerancia, complexo de inferioridade ou perturbación nacionalista", e engaden para xustificar as súas verbas que "non se trata dunha ofensa senón de figuras retóricas da linguaxe". Pois permítanme os lectores expresar que desculparse cando se emite un xuízo de valor cara outra persoa ou colectivo aprendino eu dende moi pequeno, e non por ser galego, senón por ser humano. Porque creo que é unha característica propia dos humanos saber recoñecer os propios erros e, aínda que alguén crea non estar errado ante a súa acción ou dito, é preciso saber escusarse cando o outro se sente ofendido. Este xeito de encarar as relacións sociais, solicitando respecto cando o outro non o fai, non me parecen complexos de inferioridade nin mostras de intolerancia, senón todo o contrario: pautas de conduta para convivir con cordialidade.

O debate xerado coas declaracións da personaxe en cuestión suxírenme moitas cavilacións, entre elas o que estamos transmitindo socialmente: é pertinente, escusable e lexítimo emitir unha ofensa e xustificarse con que é unha retórica da linguaxe? Quizais aos máis novos da nosa sociedade os fagamos vivir nun engano cando lles dicimos que teñen que aprender a contar ata dez antes de expresar algo, ou que se teñen que "morder a lingua nalgunhas ocasións", ou que teñen que respectar a diversidade social e individual... co fin de fuxir de estereotipos que nunca son realidade e tamén de non crer que os outros son dunha determinada maneira que nos poida levar a representalos como desiguais e inferiores.

Polo tanto, só podo expresar que a miña experiencia vital ensinome que cando un ten contacto con persoas diferentes socioculturalmente sempre acaba concluíndo que as relacións sociais de tolerancia son características da humanidade e as tensión límanse cando hai bondade de facelo, e se alguén quere aprender sempre ten que ser a base de cavar sobre os erros, aínda que ás veces pareza o contrario.

Visantoña non para

Xosé Núñez López



Se deixamos atrás as festas de Nadal e de primeiro de ano, nas que a Asociación Cultural e Veciñal 'O Noso Lar' de Visantoña tivo un programa cheo de actos entre os que houbo a proxección dun ciclo de cine infantil, interpretación musical a cargo dun quinteto de vento metal, sesión de contacontos e títeres.

Temos que pasar as cabalgatas de Reis, que este ano foron máis completas ca nunca: saíu de xunto ó centro médico acompañada dunha grande cantidade de público, fixo unha pequena parada no bar 'A Lareira', para facer "parada e fonda" no local social, onde os carteiros reais fixeran entrega ós paxes das cartas que os nenos escribiran coas peticións de agasallos e xoguetes para que, polo seu conduto, chegaran ós Reis Magos de Oriente, os cales posteriormente permitiron que os pequenos se achegaran a eles a recoller os agasallos que pedirán -naturalmente só para os que se portaron ben- que este ano, parece ser que todos foron bos rapaces.

O 13 de febreiro, sábado de Entroido, unha comparsa moi completa, bautizada coma "Os Conachas", acampou no parque de Melide, onde se levou a cabo unha verbena con tódalas da lei: orquestra en condicións, tiro con escopetas de balíns, das que non teñen o canón torto, bar da comisión, organizadores da festa e ata o axente da mesma Tony Manero. Nese mesmo lugar e a pesares do intenso frío que facía, a actuación prolongouse ata altas horas da madrugada.

Ó día seguinte, domingo de Entroido, despois de xantar, a

comparsa achegouse ata a parroquia de Barazón, convidada pola súa asociación de veciños. A actuación trasládase á parroquia de Visantoña, onde se xuntou grande cantidade de público, boa parte del disfrazado, celebrándose ao longo da festa o tradicional concurso con premios para os nenos, comparsas e carrozas.

E xa o martes de Entroido, unha nutrida comparsa de Visantoña acompañada por veciños da mesma, recalo una cidade de Santiago, esta vez rotulada 'Carlinhos Brown chegou a Visantoña', onde concurso una modalidade de comparsas, acadando un terceiro accesit nun desfile moi numeroso e concurrido.

O día 19 de marzo, no local social de Visantoña terá lugar unha foliada co grupo de gaitas de Monterroso actuando tamén grupos de gaitas de Melide e da propia Visantoña.

O día 3 de abril, sábado, procederase á inauguración do 'Sendeiro de Visantoña', o único homologado de toda a comarca pola Federación Galega de Montañismo. Este magnífico sendeiro, cheo de paisaxes increíbles, pretende ser un revulsivo como foco de atracción de visitantes a Santiso. Promovido pola Asociación Cultural 'O Noso Lar', o sendeiro percorre os puntos de máis interese turístico de Santiso: pazos, castros, mámoas, o encoro de Portodemouros, muíños... A información sobre o mesmo atópase a disposición de calquera persoa nos puntos de información de Melide e Arzúa, así coma nos establecementos e casas de turismo rural.

**ASETEM-CCA agasalla ós seus socios
cunha memoria USB e
un anuncio gratis no Cerne**

Infórmate no 981506188

ACTOS ABRIL

-xoves 1 e venres 2: diversos actos litúrxicos e procesións en Melide. (Ver páxina 12)

-sábado 3: inauguración do roteiro de Visantoña (Santiso). Saída ás 10.30 horas do local social de Visantoña.

-luns 5 e martes 6: unidade móbil do Centro de Transfusión de Galicia no Cantón de San Roque. De 16.00 a 21.00 horas.

-mércores 7 a mércores 14: ITV na explanada da feira para inspección de vehículos, incluídos agrícolas. Horario de atención ao público de 09.00 a 13.30 horas e de 15.30 a 18.00 horas.

-sábado 10: V Campeonato de Pesca Terra de Melide. Saída ás 08.00 horas da Churrería ‘O Burato’ de Melide

-sábado 24 e domingo 25: VI Foliada de Melide. Día 24: II Concurso de Cantos de Taberna. De 12.00 a 15.00 na zona de viños. Serán ás 21.00 horas con actuación de 17 grupos de música tradicional.

-mércores e xoves ata finais de abril: curso de cociña para homes. Ás 20.00 e 22.00 horas, na cociña da Casa do Concello de Melide.

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA

De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45,
Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45
Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30

(período lectivo), 15.25, 17.50, 20.20
Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20

A CORUÑA - MELIDE

De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00

MELIDE - LUGO

De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50

MELIDE - FERROL

Sábados: 19.15
Domingos e Festivos: 19.15

TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila)

Luns a venres laborables:
Saída de Fondevila: 10.20
Saída de Melide: 12.30
Domingos excepto último de mes:
Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
Saída de Melide: 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Fondevila: 7.45
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

FERROL - MELIDE

Sábados:10.30
Domingos e festivos: 17.00

MELIDE - OURENSE

De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00

MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela)

Martes e venres laborables:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide:12.30
Domingos, excepto último de mes: Folladela: 8.40
Saída de Melide 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

OURENSE - MELIDE

De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15
Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15
Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00

MELIDE - SANTIAGO

De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS

UrxenciasSanitarias	061
Bombeiros	080
Incendios Forestais	085
Policía Municipal	
Urxencias	092
Melide	981505003
Policía Nacional	091
Garda Civil	
Urxencias	062
Melide	981505007
S.O.S	
S.O.S Galicia	112
Protec.Civil.	670498848

SERVIZOS E INSTITUCIÓNS

Atención ao cidadán	981120012
Valedor do pobo	981571900
Economía facenda	981545151
Industria e Comercio	981544341
Sevizo Galego Colocación	981125000
Teléfono da Muller	900400273
Teléfono do Menor	900444222
Dirección Xeral de Tráfico	900125505
Correos	902197197
Auga	981242322
Electricidade	981147200
Gas.	900760760

I.E.S. de Melide	981505162
C.E.I.P nº1	981505238
C.E.I.P nº2	981505929
Gardería	981505003
U.A.F. de Melide	981507742

SANTISO

Casa do Concello	981818501
Centro de Saúde	
Agrochao	981517803
Visantoña	981510749
Xulgado de Paz	981 818501

TRANSPORTES

RENFE	
Nacional	902240202
Santiago	981596050
Autobuses	
A Coruña	981239099
Santiago	981542416
Aeroportos	
A Coruña.	981187200
Santiago	981547500
Vigo	986268200

MELIDE

Casa do Concello	981505003
Centro de Saúde	981506176
Servizos Sociais	981505012
Consevatorio	981507100
Polideportivo	981507752
Centro Social da 3ª Idade	981505706
Parada de Taxis	981505390
Oficina de emprego	981505204
Albergue Xuvenil	981507412
Albergue do Peregrino	660396822
Centro Ocupacional	981505003
A.S.E.T.E.M-CCA	981506188

SOBRADO

Casa do Concello	981787508
Desenvolvemento local	981787508
Centro de Saúde	981787744
Mosteiro de Sobrado	981787509
Xulgado de Paz	981787508

TOQUES

Casa do Concello	981505826
Centro de Saúde	981507301
Xulgado de Paz	981505826

TERESA TABOADA CASAL, DIRECTORA XERAL DE EME PUBLICIDAD

“Traballamos a importación directa para ofrecer uns prezos imbatibles”

Eme Publicidad celebra o seu cuarto aniversario en abril. Esta empresa do grupo Jim Sports vende todo tipo de artigos publicitarios ó por maior. Camisetas, bolígrafos, paraugas, axendas ou calculadoras son algúns dos miles de produtos que parten dende as súas instalacións na Madanela

rumbo a empresas de venda de reclamos publicitarios. Abastecen a grandes firmas coma R ou Begano, o distribuidor de Coca-Cola en Galicia e ademais atenden encargos de particulares a pequena escala. O seu próximo reto é colocar os seus produtos máis alá das fronteiras españolas.

-Como xurde a idea de montar este negocio?

-Eme Publicidad nace da necesidade de ofrecer produtos personalizados ós clientes do grupo de empresas Jim Sports. Atendemos á gran demanda de clientes ó por maior na industria da promoción.

-O voso catálogo concentra miles de referencias

-Ten moitos produtos, clasificados en distintas seccións: oficina, negocios, escritura, electrónica, bolsas, viaxe e ocio, liña ecolóxica, textil promocional e máis. Cada ano quitamos dous catálogos, un en xaneiro para a campaña de verán e outro en setembro para a de Nadal.

-Hai moita renovación entre o primeiro mostrario do ano e o segundo?

-Hai novos produtos que se inclúen porque os piden os propios clientes. Aconteceunos cos complementos para xogar ó pádel, que nos pedían os clientes que temos en común con Jim Sports Technology.

-Cales son os produtos máis demandados?

-Os produtos estrela son as camisetas unisex de manga curta e os bolígrafos. É o artigo publicitario por excelencia. Polas mans dunha soa persoa poden pasar varios bolígrafos ó día. É un dos regalos promocionais máis populares. Este ano tamén tiveron moito tirón as bolsas, sobre todo ecolóxicas e reutilizables, por iso da concienciación co medio ambiente.

-Ademais de servir variedade de artigos tamén os personalizadas

-Temos un taller de marcaxe para personalizar calquera ar-



Teresa Taboada nas instalacións de Eme Publicidad no polígono da Madanela

tigo. Ofecemos un servizo centralizado, que lle resulta moito máis cómodo ó cliente. O valor engadido de personalizar o produto é un dos factores que xoga ó noso favor.

-Onde mercades todo o material?

-A maior parte a grandes maioristas da Península e arredor dun 20% ou 30% importámolo da China. O textil comprámolo en Bangladesh. As sinerxias do grupo Jim Sports servíronnos de impulso para lanzarnos á importación directa.

-Aumentar as importacións é un dos vosos retos a medio prazo

-O obxectivo é ir deixando os provedores nacionais para importar nós mesmos o produto

e ofrecer prezos imbatibles.

-A vosa política céntrase no prezo

Para estar no mercado temos que competir en prezo, porque a maioría de referencias que traballamos coinciden coas da competencia. Coa crise hai que axustar os prezos moito máis. O cliente está moi sensible co prezo. Antes aceptaban o pre-suposto á media hora, agora piden que o axustes.

-En menos dun mes volve- redes á China

-Marchamos o 21 de abril. Levaremos unha lista de artigos para ver. Queremos traer bolsas, para ter máis variedade e tamén atopar produtos novos, que nos diferencien. China é unha gran oportunidade para atopar produtos innovadores.

-Cómo se xestiona unha importación?

-Primeiro valórase o grao de aceptación do produto no mercado. Logo, se o inform é positivo, analízanse as súas características técnicas e próbase. Se todo vai ben, execútase o pedido, que chega ó noso almacén en tres meses.

-Son operacións arriesgadas?

-O risco é moi alto, se che mandan un produto defectuoso o único que podes facer é retiralo do mercado. Pero o diferencial de prezo é bo.

-Despois da Semana Santa lanzaredes un catálogo só con produtos propios

-Son todos artigos importados directamente e que xa temos nas instalacións. Lanzamos ó

“Volcarémonos coa exportación a partir de abril, cando teñamos o catálogo de artigos propios”

“Non esiximos pedido mínimo, calquera firma pode encargar agasallos para os seus clientes”

mercado prezos moi agresivos, polo que esperamos que traian bos resultados.

-As exportacións serán outro dos obxectivos de futuro

-Volcarémonos coa exportación cando chegue o novo catálogo, a partir de abril ou maio.

-Tamén servides a pequenas empresas. Cal é o pedido mínimo?

-Non esiximos pedido mínimo. É unha flexibilidade que non dan moitas empresas. En Nadal traballamos agasallos para os clientes: mecheros, sets de cosmética, espellos... Tamén camisetas, gorras ou mochilas para os pubs. No verán veñen as comisións de festas a encargar camisetas.

Santa María da Capela



1



2



3

A igrexa de Santa María da Capela, do século XI, é un dos elementos arquitectónicos máis singulares de toda a zona. O templo, que formaba parte dun mosteiro do que só quedan as ruínas, é unha das mostras máis

importantes da arquitectura prerrománica galega e un dos maiores tesouros que agochan as terras de Toques.

A cor avermellada da pedra chama a atención ós numerosos visitantes que se achegan a contem-

plar o santuario, que non impressiona polas súas dimensións, senón pola peculiaridade da súa construción e das imaxes que acolle. Unha das máis curiosas é a dun Cristo que está apoiado sobre a palma dos dous pés. Ó

seu carón, nas paredes, pódense pinturas datadas do século XV con chamativas cores.

Tampouco hai quen se resista a repicar a campana, ubicada nunha torre independente da propia igrexa.

1. Exterior da igrexa de Santa María da Capela.
2. Campanario, ubicado nun alto próximo ó santuario
3. Vista do retablo principal da capela.